

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES
SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES
TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

O teu número da

# Seguridade Social

O teu número da

# Seguridade Social

O número da Seguridade Social (NUSS) identifícate ante a Seguridade Social. Tamén se coñece como número de afiliación (NAF).

Necesitarás o NUSS para darte de alta por primeira vez na Seguridade Social cando inicies a túa actividade laboral e para recibir prestacións ou pensións, como a xubilación.

## Para obter o NUSS, só terás que facilitar:

- Os teus datos identificativos (DNI ou NIE)
- Os teus datos de contacto (teléfono móbil e enderezo electrónico)
- O teu domicilio habitual

Se descoñeces o número ou non estás seguro de telo, podes comprobalo accedendo á túa área persoal dentro da aplicación de Importass.

## Como consulto ou solicito o meu número da Seguridade Social?

**1**

Descarga a aplicación Importass Seguridad Social en Google Play Store ou na App Store.




**2**

Accede á aplicación e identifícate mediante:

- Cl@ve permanente
- Cl@ve móbil
- Vía SMS
- Certificado dixital

**3**

Se xa tes asignado número da Seguridade Social, poderás velo.




Se non o tes, podes obtelo desde aquí. Preme en «Solicitar NUSS».




**4**

Completa o formulario coa información solicitada.

Poderás ver o NUSS asignado e descargar o documento que o acredita.






## Coñece a túa área persoal en Importass desde onde podes...

- Descargar o documento que acredita o teu número da Seguridade Social.
- Actualizar os teus datos persoais, de contacto e domicilio.
- Comprobar a túa situación na Seguridade Social.
- Consultar os teus avisos.
- Acceder a «Documentos» para ver os teus informes e resolucións.
- Realizar os teus trámites.




## Accede á aplicación Importass Seguridad Social e terás un espazo...

- De navegación sinxela desde calquera dispositivo.
- Con linguaxe clara para que encontres o que precises en cada momento.
- Adaptado a ti, con información personalizada.
- Desde onde descargar os teus informes, realizar trámites en liña de forma sinxela e consultar información.




Seguridad Social

Descarga a aplicación.
Realiza a través do teu móbil trámites e consulta información.

DISPOÑIBLE EN Google Play

Consíguelo en el App Store

Accede a Importass, o portal da Tesourería, a través de **portal.seg-social.gob.es** ou escanea o seguinte QR:

Síguenos en X

**Información TGSS**

@info_TGSS

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES

TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

NIPO: 124-25-077-2